



Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 22-04-2026

Data final de exposición: 28-04-2026

O Porriño, a de de

Decreto de Alcaldía

Nº Expediente: 4974/2025

Unidade xestora: 050 SUBVENCIONS

Unidade tramitadora: 250 EMPREGO

Asunto: SUBVENCIÓN TR332A - PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO 2025 - 2026

Rematado o prazo de tres días hábiles para presentación de emenda das solicitudes e publicada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas de conformidade coas "BASES DO PROCESO PARA A SELECCIÓN DUN/HA ADMINISTRATIVO/A PARA EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL "PROGRAMA INTEGRADO DE EMPREGO" DO CONCELLO DO PORRIÑO 2025/26" contratación dun/ha administrativo/a, asimilado ao grupo 3, a xornada completa de 37,5 horas/semanais, mediante a modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, código 405, para a execución do programa de carácter temporal de duración determinada ate o 14 de outubro de 2026; ao abeiro da Orde do 16 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR332A), publicadas no DOG nº 136, de data 17/07/2025.

A aspirante excluída definitiva, D^a Tatiana Braga Gabriel, presenta alegación por rexistro de entrada número 2026-E-RE-2695 de data 17/04/26 no cal expón:

"Participo no proceso de selección dun/dunha administrativo/a, con carácter temporal, para o programa integrado de emprego do concello do Porriño. Onte publicouse no taboleiro de anuncios do concello do Porriño a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso, e o meu nome aparece en ambas listas. O documento estaba datado do día anterior. Despois de preguntar no organismo responsable do proceso, dixéronme que me excluían por non entregar unha copia do reverso do meu certificado administrativo."

E solicita:

"Ser admitido no proceso xa que o reverso do meu título non achega ningunha información relevante para continuar con el. Tamén adxunto unha copia do reverso do meu diploma como proba."

1. Procédese á revisión da lista definitiva de persoas aspirantes admitidas na cal se advirte un erro, xa que nela figuran as tres persoas aspirantes excluídas definitivas; polo que procede a rectificación da mesma en base ao artigo 109.2 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas contempla que, en calquera momento, as

MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO (1 para 2)
Alcalde do Porriño
Data de Sinatura: 22/04/2026
HASH: 23146898e1b1b25d4485e5a4452b



Concello do Porriño

Eduardo Porriño Fernández (2 para 2)
Secretario Xeral
Data de Sinatura: 22/04/2026
HASH: f6d546d4411871c1e161412b16d606e



Concello do Porriño

DECRETO
Número: 2026-1125 Data: 22/04/2026

Cod. Validación: 3NDSA7D523XGRJALMOH3HAGJ3
Corrección: https://oporiño.sadelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xeslona.esPublico | Páxina 1 a 4





Administracións Públicas poderán rectificar os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

2. Na base Quinta. F) onde se enumeran os requisitos que deben cumprir as persoas aspirantes, establece que se debe acreditar a posesión do título de bacharelato ou técnico ou equivalente co correspondente título.

Este documento debe presentarse completo con todas as súas caras e/ou páxinas; xa que a revisión do título en papel supón a comprobación de varios elementos que permiten discriminar entre un documento orixinal e unha copia non autorizada. Entre os aspectos prácticos, destacan:

Datos privados e educativos: nome completo do titular, data de nacemento, centro de expedición, modalidade de Bacharelato, datas de inicio e de obtención do título, e o réxime de estudo. Verificar que a información sexa coherente coa documentación de identidade e co expediente académico.

Firmas e selos: firma do director do centro e selo oficial do centro educativo ou da autoridade educativa autonómica. A presenza de firmas borrosas ou de selos pouco lexibles pode indicar unha falsificación.

Elementos de seguridade: selos húmidos ou hologramas, microtexto, relevo ou relevo de impresión e tintas que non se desvanecen ao tacto. Moitos títulos incorporan estas medidas para dificultar as imitacións.

Formato e deseño: disposición dos datos, tipografía, logotipos oficiais e a versión da normativa vixente no momento da expedición. Os cambios no deseño ao longo dos anos deben coincidir coa época de emisión.

Código ou código de verificación: cando o título inclúe un código único ou un código QR, permite realizar unha verificación externa rápida. Este código enlaza a unha base de datos oficial e ofrece unha confirmación de validez en liña.

Documentos acompañantes: expedientes académicos ou certificados de expedición que acompañan ao título, especialmente cando se solicita duplicados ou formalízanse trámites de homologación ou recoñecemento de estudos.

Tal e como queda acreditado na copia que xunta coa alegación, pódese observar a información do centro no cal se expide o título, o asento no libro, a data, o selo do centro que o expide e a sinatura do secretario do centro; esta información é imprescindible para confirmar a súa autenticidade.

3. Esta alegación foi presentada o día 17/04/26 e o prazo para presentar a emenda finalizou o día 14/04/26; polo que segundo o estipulado na base Oitava, se non se emendasen os defectos da exclusión ou non se alegase a omisión en prazo serían definitivamente excluídos do proceso selectivo.

En consecuencia procede a desestimación da alegación presentada.

DECRETO
Número: 2026-1125 Data: 22/04/2026

Cod. Validación: 3NDSA7D5Z3XGRJALMQH3HAGU3
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 4





O Sr. Alcalde-presidente, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, tendo en conta as bases de selección, e demais lexislación de aplicación; e de conformidade coas atribucións conferidas polo artigo 21 Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro; e o RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, **DECRETA:**

Primeiro.- Rectificar o punto primeiro do Decreto número 2026-1038 de data 15/04/26, e aprobar a seguinte **lista definitiva** de persoas aspirantes admitidas:

- Persoas admitidas

APELIDOS E NOME
ACUÑA MARTÍNEZ, MÓNICA
ALONSO MARTINEZ, JOSE JUAN
BATISTA SANCHEZ, ANTONIO JOSE
BLANCO RODRÍGUEZ, SUSANA
CUÑA PUENTES, TAMARA
DIAZ GONZALEZ, ELISEO
ESTEVEZ GARCIA, SUSANA
FERNANDEZ DOMINGUEZ, RAUL
FERNANDEZ FANDIÑO, MARIA BEGOÑA
FERREIRA PUGA, ALBA
FIGUEIREDO PEREZ, JAVIER
GIRALDEZ PEREZ, MARIA
GIRALDEZ OJEA, INES
GOMEZ DORADO, SILVIA
GOMEZ ESTEVEZ, ROCIO
GRAZIANO FORTES, CRISTIAN
IGLESIAS PUMAR, RAMÓN
MACHADO SUAREZ, SONIA
MARTINEZ RODRIGUEZ, MARIA ISABEL
OITABÉN FIGUEIRAS, LUCIA
OTERO ALONSO, CRISTINA
OUTERIRIÑO OTERO, KEVIN
PAZO RIAL, SARA
PEREIRA GONZALEZ, MARTA
PEREZ ESTEVEZ, CORINNE
PEREZ PEREZ, MARIA EVA
PUENTE GUTIERREZ, AMELIA MARINA
RODAS GONZALEZ, MARGARITA
RODRIGUEZ ALVAREZ, MARIA LORENA
RODRIGUEZ SALGADO, BENITO
SANCHEZ GARCIA, MARTA

DECRETO
Número: 2026-1125
Data: 22/04/2026

Cod. Validación: 3NDSATD5ZGXGRJALMQH9HAGJ3
Corrección: <https://porriño.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4





Concello do Porriño

Segundo: Desestimar a alegación presentada por D^a Tatiana Braga Gabriel, por aportación da documentación requirida finalizado o prazo de tres días hábiles concedidos en cumprimento do establecido na base quínte e oitaba das bases publicadas.

Terceiro: Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e na páxina web municipal www.oporrino.org (sección PORREMPREGO).

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde e o Secretario Xeral

DECRETO
Número: 2026-1125 Data: 22/04/2026

Cod. Validación: 3NDSA7D5Z3XGRJALMQH3HACJ3
Corección: <https://oporrino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

